

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****FORNELOS DE MONTES****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZAS TAXAS LIXO E SUMIDOIROS  
2019**ANUNCIO*

Transcorrido o prazo de exposición ó público dos acordos provisionais de modificación das Ordenanzas Fiscais das taxas que de seguido se relacionan, adoptados polo pleno desta corporación na sesión celebrada o día 29 de agosto de 2019, sen que se presentase ningunha reclamación, elévanse a definitivos ditos acordos, segundo o sinalado no artigo 17.3 da Lei do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Publícase a súa aprobación definitiva en cumprimento do disposto no artigo 17.4 da citada norma.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra a aprobación definitiva da modificación das ordenanzas fiscais das taxas sinaladas, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ou acudir directamente ó recurso contencioso administrativo na forma e prazo que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

*TEXTOS QUE SE MODIFICAN***ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO****Artigo 1.º Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa por recollida de lixo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal de acordo coas normas previstas no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

**Artigo 2.º Feito imponible**

1.—Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida de lixo domiciliar e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.



2.—A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou onde a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

### **Artigo 3.º Suxeitos pasivos**

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso de precario.

2.—Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

### **Artigo 4.º Responsables**

1.—Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.º Beneficios fiscais**

Soamente se admitirán nesta taxa as exaccións e bonificacións que veñan establecidas en tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.

### **Artigo 6.º Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

### **Artigo 7.º Devengo**

1.—Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2.—Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengaranse o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa, ou no seu caso, na data que se realice o feito impositivo.



**Artigo 8.º Declaración e liquidación**

1.—A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

2.—Si se utiliza o servizo sen mediar solicitude darase alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.—Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación desta taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc).

**Artigo 9.º Ingreso**

1.—As cotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentar a correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente padrón.

2.—Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que sinale a tarifa da taxa, ou ben no que determine o alcalde-presidente ou a xunta de goberno local, nos prazos previstos no artigo 20 do R.G. de recadación ou no que sinale a alcaldía-presidencia.

3.—O ingreso efectuarase na depositaría municipal ou no lugar que determine o alcalde-presidente ou a xunta de goberno local.

**Artigo 10.º Infraccións e sancións**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sanción que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL**PRIMEIRA. DECLARACIÓN DE ALTA*

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da taxa e terá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

*SEGUNDA. DECLARACIÓN DE BAIXA*

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e terá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.



Luns, 21 de outubro de 2019

Núm. 202

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza fiscal, que foi definitivamente aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

De conformidade co disposto no art. 19.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra tales acordos os interesados lexítimos poderán interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a lei reguladora de dita xurisdicción

*A N E X O*

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<i>CONCEPTOS</i>	<i>EUROS</i>
A.- Cota anual en núcleo urbano	80,00
B.- Cota anual no resto do concello	65,00
C.- Bares, hoteis, locais comerciais, servizos, perruquerías, quioscos e similares	115,00
D.- Supermercados	150,00
E.- Banco ou Caixa e Discotecas, Pubs ou similares granxas escolas e naves industriais	220,00

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

(Aprobada polo Pleno do Concello de Fornelos de Montes en sesión de fecha 29 de agosto de 2019)

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS****Artigo 1.º Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa por recollida de lixo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal de acordo coas normas previstas no artigo 58 da citada lei 39/1988.

**Artigo 2.º Feito imponible**

1.—Constitúe o feito imponible da taxa:



Luns, 21 de outubro de 2019

Núm. 202

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A presentación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2.—Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non teñan uso da rede de sumidoiros.

### **Artigo 3.º Suxeito pasivo**

1.—Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da lei Xeral Tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios de ditos servicios, calquera que sexa o seu título: Proprietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2.—En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo substituto o ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

### **Artigo 4.º Responsables**

1.—Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 y 39 da lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.º Cota tributaria**

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

### **Artigo 6.º Exencións e bonificacións**

Non se concederán exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa, que non veña establecida nos tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de lei.



Luns, 21 de outubro de 2019

Núm. 202

**Artigo 7.º Devengo**

1.—Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2.—Os servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e a súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

**Artigo 8.º Liquidación**

1.—Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo.

2.—Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.—Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc).

**Artigo 9.º Ingreso**

1.—As cotas desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.

2.—Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixirase nos prazos previstos no artigo 20 do regulamento Xeral de Recadación.

3.—Cando a taxa se exaccione por padrón esixirase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde o alcalde ou xunta de goberno local e o ingreso farase efectivo no prazo previsto no artigo 20 do R.G.R. para os valores recibo.

4.—Os ingresos efectuaranse na depositaría municipal ou no lugar que determine o alcalde-presidente.

**Artigo 10.º Infraccións e sancións**

Nesta materia estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da lei Xeral Tributaria.



Luns, 21 de outubro de 2019

Núm. 202

*DISPOSICIÓN ADICIONAL**PRIMEIRA. DECLARACIÓN DE ALTA*

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da taxa e terá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

*SEGUNDA. DECLARACIÓN DE BAIXA*

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza fiscal, que foi definitivamente aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

De conformidade co disposto no art. 19.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra tales acordos os interesados lexítimos poderán interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a lei reguladora de dita xurisdición

*A N E X O*

1º A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

<i>CONCEPTOS</i>	<i>EUROS</i>
A.- Por cada vivenda independente conectada a rede, ó ano	70,00
B.- Cota de conexión	200,00

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

(Aprobada polo Pleno do Concello de Fornelos de Montes en sesión de fecha 29 de agosto de 2019)

Fornelos de Montes, 16 de outubro de 2019.

O ALCALDE

Emiliano Lage Rodríguez.

